

MARTES 5 E MÉRCORES 6 DE MAIO

2020

Seguimos co noso libro presentándovos as fichas que deberíades facer entre hoxe e mañá. Xa sabedes que podedes xestionarvos como vos veña ben, e que as actividades de ampliación son optativas (serían recursos similares aos que empregaríamos na aula).. sempre incorporamos tanto actividades de reforzo como recursos similares ós que usariamos nas aulas.

05/05/2020

Ficha 11: Observamos as fichas. Que hai dentro de cada bote? (zumo de laranxa, aceite de oliva, e mel) O aceite de oliva sabes de que froito procede (se non o sabe explicámosllo)? A mel de onde sae (xa o traballastedes na ficha número 8 senón déixovos novamente os enlaces de Youtube por se é do voso interesan Cando rematemos preguntarlle ao neno/a se sabe para que serven as abellas? Que alimento nos proporcionan? Podemos ver os seguintes vídeos:

https://www.youtube.com/watch?v=HtTOF_dLbQ4;

<https://www.youtube.com/watch?v=ptnt7X9-zK8>

Comezamos a realizar a ficha. Pegamos un gomet e cada recipiente que estea cheo.

Logo rodeamos con un lapis os recipientes que están baleiros.

Reverso AMPLIACIÓN: Pedímoslle ao neno/a que debuxe dous cadrados (ou círculos) grandes. Un deberá botarlle pegamento e enchelo con boliñas de papel . O outro deberá deixalo baleiro.

AMPLIACIÓN:

Podemos traballar o concepto de cheo e baleiro de xeito interactivo co seguinte enlace:

https://www.matematicasonline.es/pequemates/anaya/primaria/primaria1/01_t/a ctividades/medidas/05.htm

FICHA 12: Nesta ficha traballaremos o concepto de “encima de” e “debaixo de”.



Pegamos o troquel da cesta de froita e verduras encima da mesa. Os troqueles son imaxes que están como nun libriño branco non son pegatinas.

No reverso da ficha: Debuxa a froita que máis che guste. Tamén deberán debuxar a verdura que non lle gusta nada. Debaixo de cada unha escribe o seu nome coa axuda do adulto.

AMPLIACIÓN: Xerminar legumes. Podedes levar a cabo a seguinte actividade




cos nenos/as que seguro que lles gusta (sobre todo aos que non teñen horta). Trátase de cando se usen os ovos nas casas non tirar a casca senón que a limparemos e secaremos. Decorarán a casa do ovo con coidado usando para iso rotuladores, acuarelas... o que teñades a man. Logo dentro da casca colocaremos un algodón húmido (non empapado) e encima algunha legume que teñades pola casa: lentellas, fabas, garbanzos... Colorem os ovos nun lugar cálido e soleado e despois dunha semana aproximadamente deberían comezar a xerminar as legumes. (en vez da casca de ovo

podedes empregar calquera bote que teñades polo fogar).

AMPLIACIÓN. Ver a imaxe que temos a continuación. O neno/a deberá dicir o nome de cada verdura/froita que hai en cada fila e identificar cal é a que se remite en cada caso.

¡JUGOSAS, SABROSAS...!

- NOMBRA LAS FRUTAS O VERDURAS DE CADA HILERA Y LUEGO COLOREA LAS DOS QUE SON IGUALES.



06/05/2020

Ficha 13: Traballaremos a grafomotricidade do número 3. Contamos na ficha os porquiños que hai. Rodeamos cun lapis tres porquiños e o que sobre tachámolo. Repasamos primeiro con lapis e logo con rotulador por encima os números. No reverso da ficha repasaremos novamente os números e no espazo que queda baleiro os nenos/as deberán debuxar tres casas para os porquiños.

AMPLIACIÓN: Pedirémolle ao neno/a que faga o número tres con plastilina. Logo deberán facer tamén tres porquiños coa plasti.

FICHA 14: Trataremos con esta ficha de traballar a motricidade fina e realizar a grafía do arco. Para iso deberán repasar los trazos do porquiño con rotulador. Se é posible os trazos dos arcos realizaranse en cores diferentes. No reverso deberemos repasar con lapis e rotulador por encima o grafía.

AMPLIACIÓN: Podedes facer diferentes manualidades para traballar este animal. A continuación déixovos algunha idea.

- Pintar porquiños coas mans como se ve na imaxe. Para iso precisamos temperas ou pinturas de dedos.



- Hucha con material reciclado. Para o que se precisará unha botella de plástico, pintura acrílica ou que agarre no plástico (senón pódese forrar con papel rosa), pistola de silicona (ou cola branca...) para pegar os pés que serán tapóns de botellas (tamén poden ser corchos).



Por favor, tal e como vos comentei no corpo do Email, solicitóusenos aos mestres saber o que están facendo os nenos/as nas casas polo que sería convinte que unha vez por semana me enviades fotos ou vídeos ou que mo comunicades por escrito/ou oralmente (a través de calquera dos meus emails, Whatsapp, teléfono) do que estades a facer cos nenos/as. Se tendes dificultades para seguir o libro, ou preferides traballar pola vosa conta tamén agradecería que mo dixerades, xa que se nos solicitou enviar periodicamente informes individualizados de cada alumno/a.